

# VI CONCURSO "LUCUS INTERCENTROS"

## BASES DO CONCURSO

### 1.- INTRODUCCIÓN

É este un concurso de preguntas e respostas dirixido a alumnos de primeiro curso de bacharelato.

### 2.- OBXECTIVOS

- 2.1. Interrelacionar alumnos de primeiro curso de Bacharelato dos Institutos de Educación Secundaria da cidade de Lugo: Anxel Fole, Leiras Pulpeiro, Lucus Augusti, Muralla Romana, Nosa Señora dos Ollos Grandes, Sanxillao e Xoán Montes.
- 2.2. Poñer en práctica a parte do currículo dos alumnos de Asistencia á Dirección referida á organización de eventos e actos públicos.
- 2.3. Interrelacionar profesores dos IES da cidade de Lugo.
- 2.4. Vivir unha xornada lúdica agradable para todos os participantes.

### 3.- DA ORGANIZACIÓN

#### 3.1. Organización e colaboracións

a) Organiza o Departamento da Familia de Administración e Xestión do IES Muralla Romana.

b) Colaboran:

- Na elaboración das preguntas que se formularán ao longo das diferentes fases do concurso, profesores dos Institutos da cidade
- Profesores e alumnos do departamento da Familia de Informática do IES Muralla Romana, para a presentación dixital do mesmo.
- Profesores e alumnos da Escola de Imaxe e Son da Fundación TIC de Lugo na produción e realización.
- Profesores e alumnos do CIFP Politécnico de Lugo, na creación dos pulsadores.
- Profesores e alumnos da Escola de Arte e Superior de Deseño "Ramón Falcón", na fotografía.

3.2. O VI Concurso "Lucus Intercentros" terá lugar o día **27 de abril de 2017** no Salón de Actos do IES Muralla Romana de Lugo e poderá ser visto en directo pinchando nun banner que a tal efecto aparecerá na web da fundación TIC [www.fundaciontic.org](http://www.fundaciontic.org) e na web do IES Muralla Romana [www.edu.xunta.es/centros/iesmurallaromana/](http://www.edu.xunta.es/centros/iesmurallaromana/)

### 4.- DOS PARTICIPANTES

4.1. Poderán participar sete equipos, un por cada Instituto público de Educación Secundaria da cidade de Lugo. O nome xenérico de cada equipo virá dado polo do centro ao que pertence. Cada equipo pode elixir un nome específico. Exemplo: "Seino" do Muralla Romana. Os institutos, comunicarán o nome específico do equipo e o nome e apelidos dos alumnos participantes antes do día **19 de abril de 2017** usando as direccións de correo electrónico: [estheraldariz@edu.xunta.es](mailto:estheraldariz@edu.xunta.es) ou [pandon@edu.xunta.es](mailto:pandon@edu.xunta.es).

Cada equipo estará composto por **tres membros**.

4.2. Todos os equipos deberán estar no Salón de Actos do IES Muralla Romana o día 27 de abril ás **11:00 horas**.

### 5.- DO PROCEDEMENTO

#### 5.1. Datás e horarios

##### 5.1.1. Día 19 de abril de 2017.

Remata o prazo para que os Institutos envíen o nome dos tres compoñentes e o nome específico (se fora o caso) do equipo.

##### 5.1.2. Día 26 de abril de 2017.

11:30 horas: Sorteio público para as eliminatorias de cuartos de final. Salón de Actos do IES Muralla Romana.

##### 5.1.3. DÍA 27 de abril 2017

11:00 horas: Chegada dos alumnos - concursantes ao IES Muralla Romana. Instrucións e entrega de tarxeta de identificación.

11:30 horas: Presentación de todos os equipos no Salón do IES Muralla Romana.

11:45 horas: Primeira eliminatoria de cuartos de final.

11:55 horas: Segunda eliminatoria de cuartos de final.

12:05 horas: Terceira eliminatoria de cuartos de final.

12:15 horas: Descanso

12:45 horas: Primeira semifinal. Confrontaranse: O equipo gañador da quinta edición do concurso o "IES Nosa Señora dos Ollos Grandes" co gañador da segunda eliminatoria de cuartos de final.

12:55 horas; Segunda semifinal. Confrontaranse: o equipo gañador da primeira eliminatoria de cuartos de final e o equipo gañador da terceira eliminatoria de cuartos de final.

13:05 horas: Terceiro e cuarto posto. Disputarán o terceiro posto os eliminados en semifinais.

13:15 horas: Final. Disputarán o primeiro e segundo posto os gañadores de semifinais.

13:25 horas: Entrega de premios.

### 5.2. Eliminatorias

O procedemento será o mesmo en todas as eliminatorias:

- Cada equipo nomeará a un portavoz que será o que pulse a resposta acordada.
- Formúlanse 10 preguntas de cultura xeral sobre os seguintes temas: Actualidade, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Inglés, Latín e Grego, Lingua e Literatura Casteláns, Lingua e Literatura Galegas, Matemáticas, Música e Xeografía e Historia.
- Unha vez formulada a pregunta, e ofrecidas as tres posibles opcións (A, B e C), os equipos contarán con **15 segundos** para pulsar a que consideren acertada. Se a resposta é correcta, sumaranse no marcador do equipo 10 puntos. Se non é correcta o marcador permanecerá invariable.
- En caso de empate ao final das 10 preguntas:
  - Pasarase a utilizar o pulsador. Cada un dos equipos terá un pulsador.
  - O primeiro en acender a luz, despois da palabra "TEMPO" dita pola presentadora do concurso, será o que teña a opción de contestar á pregunta nos seguintes 15". Se acerta, será o gañador da eliminatoria,
  - Se non acerta o outro equipo poderá responder, se a resposta é correcta, será o gañador da eliminatoria. De fallar, pasarase á seguinte pregunta na que se actuará do mesmo xeito.

### 6.- DOS PREMIOS

**1º PREMIO.-** TABLET ALGATEL 9030G - 2BALIBI

**2º PREMIO.-** TABLET SPC GLOW 10.1 8 GB WHITE 97631088

**3º PREMIO.-** AURICULAR JBL T450 BT

**4º PREMIO.-** ALTAVOCES ENERGY MUSIC BOX B3 BLUETOOTH

**ACCÉSIT.-** ALIMENTADOR CELLY POWER BANCK 2600 MAH

### PARTICIPAN ALUMNOS DE 1º DE BAC DE:



### COLABORAN:

